



LAVADO DE MANS CON AUGA E XABÓN



1. Mollar ben as mans



2. Botar xabón



3. Fregar as palmas das mans entre si



4. Estender o xabón entre os dedos



5. Fregar as palmas das mans entre si cos dedos entrelazados



6. Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos



7. Fregar cun movemente de rotación o polgar esquerdo atrapándoo coa man dereita, e viceversa



8. Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotación, e viceversa



9. Aclarar as mans con auga



10. Secar con toallas de papel dun so uso

Duración do proceso: 40-60 segundos

https://www.who.int/gpsc/5may/How_To_HandWash_Poster.pdf

MEDIDAS DE HIXIENE EN ESTABLECEMENTOS MINORISTAS PREVENCIÓN COVID-19

PERSOAL DO ESTABLECEMENTO

- Lavar ben as mans con auga e xabón cantas veces sexa necesario e telas sempre limpas
- Non esbirrar ou tusir enriba dos alimentos, facelo sempre usando panos desbotables
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca coas mans
- Desinfección frecuente de superficies de traballo (mostradores, táboas de corte, caixas rexistradoras, carros, tiradores de portas, máquinas dispensadoras, caixóns etc)
- Manter distancia mínima de 1,5 metros entre traballadores e clientes, se é posible colocando sinais ou barreiras
- Non permitir a presenza no establecemento dun número maior de clientes daquel que permita respectar a distancia de seguridade
- Realizar o cobro preferentemente por medio de tarxeta ou móbil
- Desinfectar o TPV despois de cada uso
- Ao finalizar a xornada deberanse limpar e desinfectar as superficies, máquinas dispensadoras, pomos de portas, mostradores, etc., e en xeral, calquera superficie que poidese ser tocada coas mans.

CLIENTES

- Desinfectar as mans á entrada do establecemento se é posible
- Usar as luvas postas a súa disposición para coller alimentos sen envasar (froitas, verduras etc.), logo retiralas axeitadamente e desbotalas no contedor de lixo
- Evitar tocar os alimentos que non vaiamos adquirir
- Non esbirrar ou tusir enriba dos alimentos nin falar co móbil preto deles
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca durante a compra
- Respectar distancia mínima de 1,5 metros co mostrador e cos traballadores e demais clientes
- Colaborar para que se respecte o aforo recomendado polo establecemento
- Pagar preferentemente con tarxeta ou móbil
- Debe ser unha soa persoa quen realice a compra.
- Procure facer unha compra á semana e facela con rapidez seguindo unha listaxe.
- Lavar as mans ou desinfectalas o antes posible ao rematar a compra e ó chegar á casa